



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO NÚM. 14 DO 30 DE NOVEMBRO DE 2023

Exp. núm.: 2023/G010/000018

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 13 do pleno ordinario do 26 de outubro de 2023

SEGUNDO. Toma de posesión da concelleira Da. Maruxa Martínez Romaní (Exp. núm.: 2023/Q001/000008)

TERCEIRO. Desafectación terreos do dominio público marítimo terrestre Ribeira do Maio. Artón, Costas Fase II e III (Exp. núm.: 2023/C002/000007)

CUARTO. Aprobación da política de seguridade informática da información do Concello de Muros ENS (Exp. núm.: 2023/A003/000030)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

QUINTO. Proposta de desestimación do recurso reposición contra a creación dos grupos municipais (Exp. núm.: 2023/Q001/000010)

SIXTO. Moción:

- a) Moción presentada polo grupo municipal Popular do Concello de Muros para a inclusión de propostas no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) (Exp. núm.: 2023/X998/000032)
- b) Moción presentada polo grupo municipal Popular do Concello de Muros con motivo da interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de ordenación integrada do litoral, aprobada polo parlamento de Galicia (Exp. núm.: 2023/X998/000032)
- c) Moción presentada por Muros Centrado sobre premio literario Marcelino García Lariño (Exp. núm.: 2023/Q001/000012)

B. MOCIÓN DE URXENCIA

C. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

SÉTIMO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 925/2023 do 2 de outubro de 2023 ata o núm. 1040/2023 do 31 de outubro de 2023, e das XGL núm. 18 do 4 outubro de 2023 e da núm. 19 do 18 outubro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

OITAVO. Rogos e preguntas

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue



No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretario accidental do Concello que certifico.

Antes de iniciar a sesión plenaria gárdase un minuto de silencio polo pasamento de D. Fernando Rei Castiñeira, que foi arquitecto do Concello de Muros durante máis de 40 anos.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

D. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 13 do pleno ordinario do 26 de outubro de 2023

A señora alcaldesa, Da. María Lago Lestón, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 13 do pleno ordinario do 26 de outubro de 2023 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3) e do grupo mixto Muros Centrado (1); e coa abstención do concelleiro do grupo municipal popular, D. Vázquez Rama, por non estar presente nesa sesión (1), queda aprobada a acta do sesión plenaria ordinaria núm. 13 do 26 de outubro de 2023.

SEGUNDO. Toma de posesión da concelleira Da. Maruxa Martínez Romaní (Exp. núm.: 2023/Q001/000008)

A señora alcaldesa di que unha vez recibida a credencial de concelleira expedida pola Xunta Electoral Central para que tome posesión no Pleno da corporación e unha vez que a interesada asinou a declaración de bens patrimoniais pódese proceder á toma de posesión do seu cargo.

A Sra. Martínez di que por imperativo legal promete cumprir as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Muros e promete lealdade ao rei e gardar e facer a Constitución como norma fundamental do estado.

A señora alcaldesa dálle a benvinda á corporación e afirma que esperan que a súa estadía sexa satisfactoria para todos e todas.

TERCEIRO. Desafectación terreos do dominio público marítimo terrestre Ribeira do Maio. Artón, Costas Fase II e III (Exp. núm.: 2023/C002/000007)

A señora alcaldesa explica a proposta que se transcribe a continuación:

"ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de setembro de 2013, acordou solicitar á Demarcación de Costas do Estado en Galicia un novo deslinde e declaración de innecesariedade de determinados terreos para a protección do dominio público marítimo-terrestre no tramo do núcleo urbano litoral de Ribeira do Maio, Parroquia de Esteiro, entre os fitos 30 e 77 do deslinde.

A superficie proposta a desafectar era de 50.327 m2.

SEGUNDO. Dada a amplitude da zona proposta a desafectar a Demarcación de Costas en coordinación coa Subdirección Xeral do Dominio Público Marítimo-Terrestre, estimou conveniente dividila en catro fases:

Fase I.- Entres os fitos 33 e proximidade fito 62.

Fase II.- Proximidade fito 62 e proximidade fito 64.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Fase III.- Proximidade fito 64 e fito 73, excluindo a zona do antigo campo de fútbol do Artón e vivendas anexas.

Fase IV.- Zona do antigo campo de fútbol do Artón e vivendas anexas.

TERCEIRO. Por Orde Ministerial do 17 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Sostibilidade da costa e do Mar aprobouse a rectificación, no tramo de costa comprendido entre os fitos 33 e 62, do deslinde de dominio público marítimo-terrestre no termo municipal de Muros, aprobado por O. M. do 1 de abril de 2003 aos efectos de excluír do mesmo os 13.973 metros da Fase I, desafectados por Orde do 4 de setembro de 2017, do Ministerio de Facenda e función Pública.

CUARTO. Mediante documento administrativo de cesión gratuíta do 13 de decembro de 2017, o Estado Español cédelle ao Concello de Muros o pleno dominio dos terreos comprendidos na Fase I.

QUINTO. O 20 de xullo de 2023 ten entrada no Rexistro Xeral do Concello un escrito da Demarcación de Costas en Galicia solicitando:

- *O informe previo de declaración de innecesariedade previsto no artigo 18 da Lei 22/1998, de Costas.*
- *Acordo no que se certifique o compromiso da Corporación que no caso de producirse a desafectación e cesión de viais e zonas axardinadas ao Concello, estes dedicaranse a uso público e gratuíto.*
- *Acordo no que se acepte e tome coñecemento da situación rexistral das parcelas que actualmente conforman zonas axardinadas e viais e afectadas por esta desafectación, aos efectos establecido no apartado 2 do art. 136 da Lei 33/2003.*

SEXTO. A proposta de desafectación afecta ao deslinde DL-163-LC do dominio público marítimo-terrestre no tramo dende o fondo do río Maior ata o límite co termo municipal de Outes, en concreto as denominadas Fases II e II, que comprende unha superficie de DPMT de 16.846,13 m² na zona urbana da Ribeira do Maio, na parroquia de Esteiro, comprendida entre os fitos 59 a 73 da vixente liña do DPMT do deslinde DL-163-CORUÑA, e propoñéndose uns novos fitos, 59 a N72f, de modificación do deslinde DL-163-CORUÑA.

SÉTIMO. Polo departamento de urbanismo do concello de Muros, con data do 20 de outubro de 2023, elaborouse o informe previo de declaración de innecesariedade de determinados terreos para a protección do dominio Público Marítimo-Terrestre, enviado a Dirección de Costas en Galicia o día 25 de outubro, no que se conclúe:

“Os terreos que se pretenden desafectar do dominio público marítimo-terrestre, comprendidos entre os fitos 59 a 73 da vixente liña do DPMT do deslinde DL-163-CORUÑA, que serán substituídos polos propostos, 59 a N72f, de modificación do deslinde DL-163-CORUÑA, con unha superficie de 16.846,13 m², cumpren as condicións establecidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 2/2013 para ser desafectados do Dominio Público Marítimo-Terrestre, quedando garantido o seu uso público e gratuíto no artigo 66 do PXOM, no que se establecen as previsións do PE-5, Plan Especial de acondicionamento do Borde litoral da Ribeira do Maio, Esteiro”

En base a todo o anterior, propoño ao pleno do concello de Muros a adopción dos seguintes acordos en relación a desafectación no tramo do núcleo urbano litoral da Ribeira do Maio, parroquia de Esteiro (T.M. Muros, A Coruña), Fases II e III,

PRIMEIRO. O compromiso da Corporación que no caso de producirse a desafectación e cesión de viais e zonas axardinadas ao Concello, estes dedicaranse a uso público e gratuíto.

SEGUNDO. A aceptación e toma de coñecemento da situación rexistral das parcelas que actualmente conforman zonas axardinadas e viais e afectadas por esta desafectación, aos efectos establecido no apartado 2 do art. 136 da Lei 33/2003.”

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Monteagudo pregunta se comprobaron a situación rexistral das parcelas xa que non hai nada na documentación.

A señora alcaldesa di que isto é o que Costas pide que se comprobe.

A Sra. Monteagudo sinala que no pleno de setembro do ano pasado presentaron unha moción por urxencia na que amosaban o seu apoio á veciñanza afectada por cambios na titularidade catastral das súas propiedades por parte do Ministerio de Facenda. Insta a suspender o proceso ata que haxa unha resolución firme. Tamén pide ao Ministerio de Transición Ecolóxica que continúe o proceso de desafectación. Destaca a importancia da unanimidade en asuntos transcendentais como este. O grupo socialista acusou de inacción, pero demostrouse que a responsabilidade recaía en Costas. Critica a demora no tratamento deste tema e espera que non teña consecuencias negativas. E sinala que o partido socialista non expresou a súa postura ata o momento.

A Sra. González destaca a importancia de discutir un tema relevante e critica a falta de interese en compartir experiencias pasadas. Menciona a creación dunha oficina urbanística durante o mandato do grupo socialista. Logo, cuestiona á voceira do Partido Popular sobre o seu coñecemento da situación rexistral en Esteiro, recordando que o rexistro de propiedades é público. Menciona a entrega de informes técnicos á ministra Ribera, pero non recibiron máis chamadas. Expressa a súa preocupación por un tema que considera moi importante e sensible: a propiedade privada. Destaca a complexidade do asunto e a necesidade de coordinación entre os ministerios de Medio Ambiente e Facenda. Menciona que, ao solicitar información, no concello decidiron non convocar un pleno extraordinario para evitar traer documentos sen valor. Explica que xa solicitaron información en ocasións anteriores, pero foi denegada por falta de documentación ou defectos técnicos. Nesta ocasión, queren asegurarse de enviar a documentación necesaria para apoiar a solicitude.

O Sr. Lago pregunta con respecto á aceptación e ao coñecemento da situación rexistral das parcelas que actualmente forman parte das zonas afectadas, pregunta se as zonas afectadas e os viais comprenden o que se coñece como os "patíns" ou zonas de xardín, ou como sinala a voceira do partido socialista, estas áreas non están incluídas nesa situación.

A señora alcaldesa considera unha situación moi complexa. Refírese ás vivendas e fincas en zonas públicas que non están rexistradas pero son propiedades da veciñanza. Recoñece a complexidade da situación ao mencionar a presenza de vivendas e terreos privados nestas zonas. Di que fala só da zona pública e que, para abordar o problema, deben ignorarse inicialmente as vivendas existentes nesa área. Compara a situación con ter un elefante diante deles que non queren mirar, recoñecendo a súa presenza pero postergando a súa consideración para poder avanzar co expediente. Logo, destaca a necesidade de atender tanto aos terreos como ás casas, xa que comparten o mesmo problema. Advirte sobre a delicadeza da situación en toda a zona, e menciona a falta de verificación por parte da facción socialista na situación rexistral das parcelas, subliñando a importancia de presentar a documentación do Rexistro Público. Finalmente, propón un acordo no pleno para aceptar e tomar en conta a situación rexistral das parcelas.

A Sra. Monteagudo sostén que non se realizou a verificación rexistral das parcelas que conforman as zonas engadidas e viais debido á falta de documentación. Propón un brinde para aceptar e considerar a situación rexistral das parcelas, a pesar de non constar en ningunha documentación proporcionada. Considera este paso como o inicio, afectando principalmente ás vías e xardíns públicos, así como ás vivendas e fincas, cuxas hortas agora están baixo a titularidade de Costas tras unha modificación rexistral. Sinala que se menciona un posible cambio de titularidade e venda dos inmobles existentes no escrito remitido ao Ministerio de Transición Ecolóxica, a pesar de non ver esa información na documentación de Costas. Ademais, comprométese a explicar á veciñanza as xestións realizadas. A pesar de que entende que foron efectivas en parte, critica que non se tiveran en conta os recursos presentados polo concello e a veciñanza para as modificacións de titularidade. Destaca a necesidade de unanimidade nestes asuntos cruciais para o éxito. Expressa a esperanza de que a desafectación actual non demore tanto como a primeira fase, agardando que esta lexislatura resolva a situación, a pesar de ver complicacións. Conclúe indicando que apoiarán a moción, pero desexan ter a documentación completa.

A Sra. González critica ao Partido Popular por non presentar nin un só documento sobre o tema nos últimos 4 anos e por participar no pleno sen coñecer a fondo o problema. Subliña a necesidade de apoio para avanzar



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

no asunto e manifesta confianza en que o grupo de goberno resolverá a situación. Destaca que o enfoque actual é o primeiro paso para a desafectación dos viais, apunta a traballar arduamente na documentación necesaria. Expresa o desexo de que se solucionen e conclúe mencionando a importancia de realizar un deslinde de propiedade pública. Debe levar primeiro a desafectación dos viais, que é o que están a facer, e facendo a documentación necesaria para xustificar ata onde chegan os viais e ata onde chegan as propiedades privadas de cada un deles.

O Sr. Lago expresa o seu voto a favor, destacando a necesidade de abordar o problema que afecta ás persoas residentes de Esteiro de maneira firme e rápida. Indica que considera necesario que o goberno municipal tome medidas inmediatas para resolver a situación.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3); e do grupo mixto Muros Centrado (1) aproba por unanimidade o seguinte acordo:

En base a todo o anterior, o Pleno do Concello de Muros a adopción dos seguintes acordos en relación a desafectación no tramo do núcleo urbano litoral da Ribeira do Maio, parroquia de Esteiro (T.M. Muros, A Coruña), Fases II e III, acorda:

PRIMEIRO. O compromiso da corporación que no caso de producirse a desafectación e cesión de viais e zonas axardinadas ao Concello, estas dedicaranse a uso público e gratuíto.

SEGUNDO. A aceptación e toma de coñecemento da situación rexistral das parcelas que actualmente conforman zonas axardinadas e viais e afectadas por esta desafectación, aos efectos establecido no apartado 2 do art. 136 da Lei 33/2003.

CUARTO. Aprobación da política de seguridade informática da información do Concello de Muros ENS (Exp. núm.: 2023/A003/000030)

Intervén a alcaldesa que explica a seguinte proposta:

“Visto o informe xurídico e o informe proposta de Secretaría do 17 de novembro de 2023 en relación ao expediente relativo á aprobación da Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica no Concello de Muros, e en base á Aprobación da política de seguridade da información do Concello de Muros.

En base a canto antecede, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o texto da Política de seguridade da información do Concello de Muros cuxo contido literal é ou seguinte:

“POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE MUROS

ÍNDICE

APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

INTRODUCCIÓN

MISIÓN DO CONCELLO DE MUROS

ALCANCE

MARCO NORMATIVO

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

MODELO DE GOBERNANZA

RESPONSABILIDADES ASOCIADAS AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE

FUNCIÓNS DO COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

PROCEDEMENTOS DE DESIGNACIÓN

RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

TERCEIRAS PARTES

APROBACIÓN ENTRADA EN VIGOR

O texto será aprobado polo pleno do Concello de Muros.

Esta “Política de Seguridade da Información”, en diante Política, será efectiva dende esta data e ata que sexa substituída por unha nova Política.

2. INTRODUCCIÓN

O Concello de Muros, depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicacions) para alcanzar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou os servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adaptase aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben asegurar de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, dende a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e valoración do seu custo, deben ser identificados e incluído sen a planificación, na solicitude de ofertas, e en pregos de licitación para proxectos de TIC.

3. MISIÓN DO CONCELLO DE MUROS

O Concello de Muros, para a xestión dos seus intereses e das funcións e competencias que ten atribuídas en diferentes normas ou convenios, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da poboación. Para iso, pon a disposición desta a realización de trámites online co obxectivo de impulsar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos, a mellora na



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

prestación dos servizos e a participación da cidadanía nos asuntos públicos establecendo, deste xeito, novas vías de participación que garantan o desenvolvemento da democracia participativa e a mellora da eficacia e eficiencia da acción pública.

Deséxase potenciar doutra banda o uso das novas tecnoloxías no Concello e na propia cidadanía. Os principais obxectivos que se perseguen entre outros son: fomentar a relación electrónica da cidadanía co Concello, crear a confianza necesaria entre cidadán e Concello nesta relación.

4. ALCANCE

Esta Política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Muros, que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

5. MARCO NORMATIVO

A base normativa que afecta o desenvolvemento das actividades e competencias do Concello de Muros, no que a administración electrónica refírese, e que implica a implantación de forma explícita de medidas de seguridade nos sistemas de información, está constituída pola seguinte lexislación:

- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.*
- *Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.*
- *Resolución de 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade.*
- *Resolución de 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Informe do Estado da Seguridade.*
- *Resolución de 27 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Auditoría da Seguridade dos Sistemas de Información.*
- *Resolución de 13 de abril de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Notificación de Incidentes de Seguridade.*
- *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*
- *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD).*
- *Lei 36/2015, de 28 de setembro, de seguridade nacional.*
- *Lei 6/2020, de 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.*
- *Regulamento (UE) Nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo de 2014 (ligazón a <https://www.boe.es/doue/2014/257/I00073-00114.pdf>), relativo á identificación electrónica e os servizos*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

de confianza nas transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE (regulamento eIDAS).

- *Real Decreto 1308/1992, de 23 de outubro, polo que se declara ao Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada, como Laboratorio depositario do patrón nacional de Tempo e Laboratorio asociado ao Centro Español de Metroloxía.*
- *Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.*
- *Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.*
- *Real Decreto 1553/2005, de 23 de decembro, polo que se regula o documento nacional de identidade e os seus certificados de firma electrónica.*
- *Lei 25/2007, de 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.*
- *Lei 56/2007, de 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da Información.*
- *Real Decreto 1494/2007, de 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.*
- *Real Decreto 1495/2011, de 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal.*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do Rexistro electrónico de facturas no sector público.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola lei 11/1999, de 21 de abril.*
- *Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español (arquivo).*
- *Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*
- *Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*
- *Lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de telecomunicacións (Vixente nos apartados sinalados na Disposición Derrogatoria Única da Lei 11/2022, de 28 de xuño).*
- *Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*
- *Lei 11/2022, de 28 de xuño, xeral de telecomunicacións (segundo prazos entrada en vigor de Disposición desta lei).*
- *Política de sinatura electrónica do Concello de Muros.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Regulamento polo que se establece a Sede Electrónica do Concello de Muros.*
- *Lei 11/2022, de 28 de xuño, xeral de telecomunicacións (segundo prazos entrada en vigor de Disposición desta Lei).*

Tamén forman parte do marco normativo as restantes normas aplicables á Administración Electrónica do Concello de Muros, derivadas das anteriores e publicadas nas sedes electrónicas comprendidas dentro do ámbito de aplicación da presente Política, entre outras.

O mantemento do marco normativo será responsabilidade do Concello de Muros, e manterase nun Anexo a este documento. Incluído as instrucións técnicas de seguridade de obrigado cumprimento, publicadas mediante resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a proposta do Comité Sectorial de Administración Electrónica e a iniciativa do Centro Criptolóxico Nacional (CCN) tal e como se establece no Real Decreto.

Así mesmo, o Concello de Muros, tamén será responsable de identificar as guías de seguridade do CCN, referenciadas no mencionado artigo, que serán de aplicación para mellorar o cumprimento do establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

6. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

O Concello de Muros, para lograr o cumprimento do Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que recolle os principios básicos e dos requisitos mínimos, implementaron diversas medidas de seguridade proporcionais á natureza da información e os servizos a protexer e tendo en conta a categoría dos sistemas afectados.

A seguridade como un proceso integral e mínimo privilexio

A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, xurídicos e organizativos, relacionados co sistema. A aplicación do Esquema Nacional de Seguridade ao Concello de Muros, estará presidida por este principio, que exclúe calquera actuación puntual ou tratamento conxuntural.

Prestarase a máxima atención á concienciación das persoas que interveñen no proceso e aos seus responsables xerárquicos, para evitar que, a ignorancia, a falta de organización e coordinación, ou de instrucións inadecuadas, constitúan fontes de risco para a seguridade.

Os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios para o seu correcto desempeño, o que implica incorporar os seguintes aspectos:

O sistema proporcionará a funcionalidade imprescindible para que a organización alcance os seus obxectivos competenciais ou contractuais.

As funcións de operación, administración e rexistro de actividade serán as mínimas necesarias, e asegurase que só son desenvolvidas polas persoas autorizadas, dende emprazamentos ou equipos así mesmo autorizados; podendo exixirse, no seu caso, restricións de horario e puntos de acceso facultados.

Nun sistema de explotación eliminaranse ou desactivarán, mediante o control da configuración, as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas ao fin que se persegue. O uso ordinario do sistema ha de ser sinxelo e seguro, de forma que unha utilización insegura requira dun acto consciente por parte do usuario.

Aplicaranse guías de configuración de seguridade para as diferentes tecnoloxías, adaptadas á categorización do sistema, ao efecto de eliminar ou desactivar as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Vixilancia continua, reevaluación periódica e Integridade, actualización do sistema e mellora continua do proceso de seguridade

A vixilancia continua por parte do Concello de Muros permitirá a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta.

A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración.

As medidas de seguridade se reavaliarán e actualizarán periodicamente, adecuando a súa eficacia á evolución dos riscos e os sistemas de protección, podendo chegar a un reformulación da seguridade, se fose necesario.

A inclusión de calquera elemento físico ou lóxico no catálogo actualizado de activos do sistema, ou a súa modificación, requirirá autorización formal previa.

A avaliación e monitorización permanentes permitirán adecuar o estado de seguridade dos sistemas atendendo ás deficiencias de configuración, as vulnerabilidades identificadas e as actualizacións que lles afecten, así como a detección temperá de calquera incidente que teña lugar sobre os mesmos.

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso, aplicaranse os criterios e métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión da seguridade das tecnoloxías da información

Xestión de persoal e profesionalidade

Todo a persoa, propio ou alleo relacionado cos sistemas de información do Concello de Muros, dentro do ámbito do ENS, serán formados e informados os seus deberes, obrigacións e responsabilidades en materia de seguridade. A súa actuación será supervisada para verificar que se seguen os procedementos establecidos.

O significado e alcance do uso seguro do sistema concretarase e plasmará nunhas normas de seguridade que serán aprobadas pola dirección ou o órgano superior correspondente. De igual modo, determinarase os requisitos de formación e experiencia necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu posto de traballo.

A seguridade dos sistemas de información estará atendida e será revisada e auditada por persoal cualificado, dedicado e instruído en todas as fases do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, mantemento, xestión de incidencias e desmantelamento.

De maneira obxectiva e non discriminatoria exixirase que as organizacións que nos proporcionan servizos contén con profesionais cualificados e cuns niveis idóneos de xestión e madurez dos servizos prestados.

Xestión da seguridade baseada nos riscos, análises e xestión de riscos

A análise e a xestión dos riscos será parte esencial do proceso de seguridade e será unha actividade continua e permanentemente actualizada.

A xestión dos riscos permitirá o mantemento dunha contorna controlada, minimizando os riscos a niveis aceptables. A redución a estes niveis realizarase mediante unha apropiada aplicación de medidas de seguridade, de maneira equilibrada e proporcionada á natureza da información tratada, dos servizos a prestar e dos riscos aos que estean expostos.

Esta xestión realizarase por medio da análise e tratamento dos riscos aos que está exposto o sistema. Sen prexuízo do disposto no anexo II, empregarase algunha metodoloxía recoñecida internacionalmente. As medidas adoptadas para mitigar ou suprimir os riscos deberán estar xustificadas e, en todo caso, existirá unha proporcionalidade entre elas e os riscos.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Incidentes de seguridade, prevención, detección, reacción e recuperación

O Concello de Muros dispón de procedementos de xestión de incidentes de seguridade acordo co previsto no artigo 33, a Instrución Técnica de Seguridade correspondente, e de mecanismos de detección, criterios de clasificación, procedementos de análises e resolución, así como das canles de comunicación ás partes interesadas.

A seguridade do sistema contemplará as accións relativas aos aspectos de prevención, detección e resposta, ao obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas sobre o mesmo non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou aos servizos que presta.

As medidas de prevención poderán incorporar compoñentes orientados á disuasión ou á redución da superficie de exposición, deben eliminar ou reducir a posibilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.

As medidas de detección irán dirixidas a descubrir a presenza dun ciberincidente.

As medidas de resposta xestionaranse en tempo oportuno, estarán orientadas á restauración da información e os servizos que puidesen verse afectados por un incidente de seguridade.

O sistema de información garantirá a conservación dos datos e información en soporte electrónico.

De igual modo, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital, a través dunha concepción e procedementos que sexan a base para a preservación do patrimonio dixital.

Existencia de liñas de defensa e prevención ante outros sistemas de información interconectados

O Concello de Muros implementou unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa foi comprometida permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente, cando o sistema do Concello conéctase a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.

Diferenciación de responsabilidades, organización e implantación do proceso de seguridade

O Concello de Muros organizou a súa seguridade comprometendo a todos os membros da corporación mediante a designación de diferentes roles de seguridade con responsabilidades claramente diferenciadas, tal e como se recolle no apartado de "MODELO DE GOBERNANZA" neste documento.

Autorización e control dos accesos

O Concello de Muros implementou mecanismos de control de acceso ao sistema de información, limitándoo aos usuarios, procesos, dispositivos e outros sistemas de información, debidamente autorizados, e exclusivamente ás funcións permitidas.

Protección das instalacións



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

O Concello de Muros implementou mecanismos de control de acceso físico, previndo os accesos físicos non autorizados, así como os danos á información e aos recursos, mediante perímetros de seguridade, controis físicos e proteccións xerais en áreas.

Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade

Para a adquisición de produtos ou contratación de servizos de seguridade o Concello de Muros, terá en conta a utilización de forma proporcionada á categoría do sistema e o nivel de seguridade determinado, aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da súa adquisición.

Para a contratación de servizos de seguridade atenderase ao sinalado en canto á profesionalidade.

Protección da información almacenada e en tránsito e continuidade da actividade

O Concello de Muros, prestará especial atención á información almacenada ou en tránsito a través dos equipos ou dispositivos portátiles ou móbiles, os dispositivos periféricos, os soportes de información e as comunicacións sobre redes abertas, que deberán analizarse especialmente para lograr unha adecuada protección.

Aplicaranse procedementos que garantan a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polos sistemas de información comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto, cando iso sexa exixible.

Toda información en soporte non electrónico que fose causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire este real decreto, deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade que esta. Para iso, aplicaranse as medidas que correspondan á natureza do soporte, de conformidade coas normas que resulten de aplicación.

Os sistemas disporán de copias de seguridade e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir a continuidade das operacións en caso de perda dos medios habituais.

Rexistro de actividade e detección de código daniño

O Concello de Muros, co propósito de satisfacer o obxecto deste real decreto, con plenas garantías do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos afectados, e de acordo coa normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral, e demais disposicións que resulten de aplicación, rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información estritamente necesaria para monitorizar, analizar, investigar e documentar actividades indebidas ou non autorizadas, permitindo identificar en cada momento á persoa que actúa.

Ao obxecto de preservar a seguridade dos sistemas de información, garantindo a rigorosa observancia dos principios de actuación das Administracións públicas, e de conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos e o respecto aos principios de limitación da finalidade, minimización dos datos e limitación do prazo de conservación alí enunciados, o Concello poderá, na medida estritamente necesaria e proporcionada, analizar as comunicacións entrantes ou saíntes, e unicamente para os fins de seguridade da información, de forma que sexa posible impedir o acceso non autorizado ás redes e sistemas de información, deter os ataques de denegación de servizo, evitar a distribución mal intencionada de código daniño así como outros danos ás redes e sistemas de información.

Para corrixir ou, no seu caso, exixir responsabilidades, cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba, en todo momento, quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son estes, e quen realizou unha determinada actividade.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Infraestruturas e servizos comúns

O Concello de Muros, terá en conta que a utilización de infraestruturas e servizos comúns das administracións públicas, incluídos os compartidos ou transversais, facilitará o cumprimento do disposto neste real decreto.

Perfis de cumprimento específicos e acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras

O Concello de Muros, terá en conta a aplicación daqueles perfís de cumprimento específicos para Entidades Locais que sexan de aplicación.

7. MODELO DE GOBERNANZA

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información adaptada ás necesidades e particularidade deste Concello, propónse unha designación de roles por bloques de responsabilidade: Goberno, Supervisión e Operación.

De acordo con esta estrutura, asignáronse as seguintes responsabilidades e funcións de seguridade:

Bloque de Goberno:

Responsable de Goberno, cuxas funcións exercita a Alcaldía do Concello, que integra os seguintes roles e funcións ENS:

- *Comité de Seguridade da Información.*
- *Responsable da Información.*
- *Responsable do Servizo.*

A Alcaldía pode delegar estes roles e/ou funcións nun Concelleiro ou Concelleiros.

Bloque Executivo/Supervisión:

Responsable de Supervisión, cuxas funcións exercita a Secretaría Intervención do Concello, e que integra o seguinte rol ENS:

- *Responsable da Seguridade.*

Delegado Protección de Datos (DPD), cuxas funcións exercitará un funcionario do concello ou a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de Datos, apoiando ao Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.

Bloque de Operación:

Responsable de Operación, cuxas competencias exercita un empregado municipal que ocupa o posto como técnico informático e que integra o seguinte rol ENS:

- *Responsable do Sistema.*

7.1 Responsabilidades asociadas ao Esquema Nacional de Seguridade

A continuación, detállanse e establécense as funcións e responsabilidades de cada un dos roles de seguridade ENS:

- *Funcións do Responsable da Información e dos Servizos*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo e a información dentro do marco establecido no anexo I do Real Decreto do Esquema Nacional de Seguridade.*
- *Aceptar os niveis de risco residual que afecten o Servizo e á Información.*
- *Funcións do Responsable de Seguridade*
- *Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da Información manexada e dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.*
- *Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información.*
- *Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias, elaborar documentación do sistema.*
- *Proporcionar asesoramento para a determinación da categoría do sistema, en colaboración co Responsable do Sistema.*
- *Participar na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e chegado o caso nos plans de continuidade, procedendo á súa validación.*
- *Xestionar as revisións externas ou internas do sistema.*
- *Xestionar os procesos de certificación.*
- *Elevar á Dirección a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema.*
- *Funcións do Responsable do Sistema*
- *Paralizar ou dar suspensión ao acceso a información ou prestación de servizo se ten o coñecemento de que estes presentan deficiencias graves de seguridade.*
- *Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.*
- *Elaborar os procedementos operativos necesarios.*
- *Definir a topoloxía e a xestión do Sistema de Información establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.*
- *Asegurar que as medidas específicas de seguridade intégrense adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade.*
- *Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema.*
- *Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade.*
- *Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema:*
- *A xestión, configuración e actualización, no seu caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade.*
- *A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado.*



- *Aprobar os cambios na configuración vixente do Sistema de Información.*
- *Asegurar que os controis de seguridade establecidos son cumpridos estritamente.*
- *Asegurar que son aplicados os procedementos aprobados para manexar o Sistema de Información.*
- *Supervisar as instalacións de hardware e software, as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento axústanse ás autorizacións pertinentes.*
- *Monitorizar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e mecanismos de auditoría técnica.*

7.2 Funcións do Comité de Seguridade da Información

As funcións propias dun Comité de Seguridade da Información son as seguintes:

- *Atender as solicitudes, en materia de Seguridade da Información, da Administración e dos diferentes roles de seguridade e/ou áreas informando regularmente do estado da Seguridade da Información.*
- *Asesorar en materia de Seguridade da Información.*
- *Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas.*
- *Promover a mellora continua do sistema de xestión da Seguridade da Información. Para iso encargárase de:*

Coordinar os esforzos das diferentes áreas en materia de Seguridade da Información, para asegurar que estes sexan consistentes, aliñados coa estratexia decidida na materia, e evitar duplicidades.

Propor plans de mellora da Seguridade da Información, coa súa dotación orzamentaria correspondente, priorizando as actuacións en materia de seguridade cando os recursos sexan limitados.

Velar porque a Seguridade da Información téñase en conta en todos os proxectos dende a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoiem un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.

Realizar un seguimento dos principais riscos residuais asumidos pola Administración e recomendar posibles actuacións respecto deles.

Realizar un seguimento da xestión dos incidentes de seguridade e recomendar posibles actuacións respecto deles.

Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade da Información para a súa aprobación polo órgano competente.

Elaborar a normativa de Seguridade da Información para a súa aprobación en coordinación coa Dirección Xeral.

Verificar os procedementos de seguridade da información e demais documentación para a súa aprobación.

Elaborar programas de formación destinados a formar e sensibilizar ao persoal en materia de Seguridade da Información e en particular en materia de protección de datos de carácter persoal.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Elaborar e aprobar os requisitos de formación e cualificación de administradores, operadores e usuarios dende o punto de vista de Seguridade da Información.

Promover a realización das auditorías periódicas ENS e de protección de datos que permitan verificar o cumprimento das obrigacións da Administración en materia de seguridade da Información.

7.3 Procedementos de designación

A designación dos Responsables identificados nesta Política foi realizada por Alcaldía do Concello de Muros mediante Resolución da Alcaldía núm. 1096/2023 de 17 de novembro, e comunicada ás partes afectadas

En caso de ausencia temporal ou baixa a persoa que os substitúa no posto asumirá os roles indicados nesta política. Establécese que a Alcaldesa é o órgano con potestade para modificar os roles establecidos.

Os roles de seguridade serán revisados cada catro anos, no caso de que exista unha vacante a mesma deberá ser cuberta no prazo dun mes, seguindo o mesmo procedemento.

7.4 Resolución de conflitos

Se houberse conflito entre os Responsables, será resolto polo Comité de Seguridade da Información.

8. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Muros, no tratamento dos datos persoais, cumpre cos principios e obrigacións da normativa vixente, entre outra o Regulamento 679/2016, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos -RXPD-) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais, respectando, en todo caso, o dereito fundamental á protección de datos persoais, a intimidade e o resto dos dereitos fundamentais recoñecidos tanto na lexislación e tratados internacionais como na Constitución vixente.

9. DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

O cumprimento dos obxectivos marcados nesta Política de Seguridade leva a cabo mediante o desenvolvemento de documentación que compoñen as normas e procedementos de seguridade asociados ao cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade. Para a súa organización definiuse unha Norma para a Xestión da Documentación, que establece as directrices para a organización, xestión e acceso.

A revisión anual da presente Política corresponde ao Responsable de Goberno, propondo no caso de que sexa necesario melloras da mesma, para a súa aprobación por parte do mesmo órgano que a aprobou inicialmente.

TERCEIRAS PARTES

Cando o preste servizos a outros organismos, ou manexe información doutros organismos, faráselles participe desta Política de Seguridade da Información. O Concello de Muros, definirá e aprobará as canles para a coordinación da información e os procedementos de actuación para a reacción ante incidentes de seguridade, así como o resto das actuacións que o Concello leve a cabo en materia de Seguridade en relación con outros organismos.

Cando o Concello de Muros, utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros, faráselles participe desta Política de Seguridade e da Normativa de Seguridade existente que incumba aos devanditos servizos ou información. A terceira parte quedará suxeita ás obrigacións establecidas na mencionada normativa, podendo desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacela. Estableceranse procedementos específicos de comunicación e resolución de incidencias.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Garantirase que o persoal de terceiros estea adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta Política de Seguridade.

De igual modo, tendo en conta a obrigaón de cumprir co disposto nas Instrucións Técnicas de Seguridade recollida na Disposición adicional segunda (Desenvolvemento do Esquema Nacional de Seguridade) do Real Decreto Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, e en consideración á Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, onde se establece que os operadores do sector privado que presten servizos ou provean solucións ás entidades públicas, aos que resulte exixible o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, deberán estar en condicións de exhibir a correspondente Declaración de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade cando se trate de sistemas de categoría BÁSICA, ou a Certificación de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, cando se trate de sistemas de categorías MEDIA ou ALTA.

Cando algún aspecto desta Política de Seguridade non poida ser satisfeito por unha terceira parte segundo requírese nos parágrafos anteriores, requirirase un informe do Responsable de Seguridade que precise os riscos en que se incorre e a forma de tratalos. Devandito informe deberá ser aprobado polos responsables de información e os servizos, con carácter previo ao comezo da relación coa terceira parte."

SEGUNDO. Someter este texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicarase na sede electrónica do Concello de Muros: <https://sede.muros.gal>

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para ou seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://www.muros.gal>

Se o ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que o ditame adecuarase á lexislación aplicable.

CUARTO Notificar este acordo ao Centro Criptográfico Nacional, como entidade responsable da seguridade dá información a nivel estatal.

QUINTO. Facultar á alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto."

A Sra. Monteagudo pregunta sobre se se realizou un teste de seguridade. Indica que, en caso de levarse a cabo, se se identificáronse posibles vulnerabilidades. Di que entenden que é un regulamento acordado para todos os concellos.

A señora alcaldesa sinala que si se fixo por parte do técnico en informática que estivo traballando niso durante un tempo considerable, e participando en reunións de seguridade coa Alcaldía e a Secretaría.

O Sr. Lago sinala a simplicidade do texto presentado e a pouca substancia ou "chicha" que contén. Logo, cuestiona se con este texto se solucionarán ou non os problemas de seguridade, mencionando que levan meses con este problema de seguridade e que o teste da páxina do concello de Muros revelou que non é segura. Expressa a súa impresión de que, se non poden resolver este problema, tampouco serán capaces de abordar outros asuntos máis complicados. Ademais, comenta sobre un decreto de Alcaldía que nomea varios cargos técnicos e responsables de seguridade, mostrando escepticismo ao respecto e expresando dúbidas sobre a capacidade do concello para resolver problemas, especialmente despois de que o teste de seguridade revelara que a páxina non é segura. E sinala que se vai abster.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A señora alcaldesa indícalle que é un problema do navegador, e o que se pretende con esta proposta é regular unha política de seguridade.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3); e coa abstención do grupo mixto Muros Centrado (1) aproba por maioría absoluta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o texto da Política de seguridade da información do Concello de Muros.

SEGUNDO. Someter este texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicarase na sede electrónica do Concello de Muros: <https://sede.muros.gal>

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para ou seu xeral coñecemento non taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://www.muros.gal>

Se o ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que o ditame adecuarase á lexislación aplicable.

CUARTO Notificar este acordo ao Centro Criptográfico Nacional, como entidade responsable da seguridade dá información a nivel estatal.

QUINTO. Facultar á alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

QUINTO. Proposta de desestimación do recurso reposición contra a creación dos grupos municipais (Exp. núm.: 2023/Q001/000010)

Intervén a alcaldesa que explica a proposta que se transcribe a continuación:

“No pleno extraordinario organizativo do Concello de Muros do 31 de xullo de 2023 deuse conta da creación dos grupos políticos municipais, entre eles o do grupo mixto, onde está incluído o concelleiro do partido político Muros Centrado, en aplicación do artigo 74.4 da Lei de Administración Local de Galicia.

Contra este dación en conta, interpúxose recurso potestativo en prazo polo Sr. Manuel Secundino Lago Álvarez, e posto que os acordos do pleno poñen fin a vía administrativa (art. 52.2,a) da Lei 7/85 reguladora de las bases de réxime local (LRBRL), ha de ser o Pleno o competente para resolver en reposición.

Porén, solicitouse informe ao doutor en dereito D. Fernando Adolfo de Abel Vilela, concluíndo no seu informe do 18 de outubro de 2023 que a decisión do Pleno da corporación de Muros sobre a configuración dos grupos municipais é axustada a dereito, e o concelleiro elixido pola candidatura Muros Centrado debe incorporarse e formar parte do grupo mixto, polo que procede desestimar o recurso administrativo de reposición interposto polo concelleiro D. Manuel S. Lago Álvarez.

En base ao anterior, e de conformidade coas consideracións xurídicas expostas no informe emitido o día 18 de outubro de 2023 por Fernando Adolfo de Abel Vilela, propoño ao pleno da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar o recurso de reposición presentado por Manuel Secundino Lago Álvarez, representante do partido político Muros Centrado o día 31 de agosto de 2023 contra a dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros.



SEGUNDO. Notificar este acordo ao interesado.”

A Sra. Monteagudo pregunta se o informe que figura na expediente se corresponde con unha factura do 13 de outubro.

A señora alcaldesa explica que a factura é dunha asesoría xurídica da Universidade de Santiago de Compostela, e que este informe forma parte dese asesoramento global e que se factura mensualmente.

A Sra. Monteagudo entende que o que escribiu o señor Lago non é referente á constitución de grupos, senón que é con respecto á súa integración no grupo mixto. E di que non entenden por que se trae unha proposta para desestimar o recurso presentado, entre outras razóns que darían para falar, entenden que xa rematou o prazo de resolución do recurso, que é dun mes. Os recursos obrigan a resolver, así que están fóra de prazo. É unha resolución totalmente extemporánea.

O Sr. Lago destaca a súa asignación ao grupo mixto e aborda a proposta de negar, argumentando que o pleno da Corporación non ten competencia para resolver o recurso de reposición que presentou o 30 de agosto, xa que é competencia exclusiva da alcaldesa. Argumenta que o recurso está extemporáneo e emprega unha metáfora sobre a elección dun pan para explicar a súa posición, alegando que a teoría do pan non se aplica á situación. Cuestiona a aplicación da Lei de Galicia, destaca a falta de argumentación xurídica na proposta e suxire que o asunto debería quedarse sobre a mesa ou, no seu defecto, levalo a un contencioso administrativo. Critica a opinión do catedrático e suxire que a teoría presentada non se axusta á realidade do asunto en cuestión e considera que a súa opinión non é válida ou aplicable a esta situación.

A alcaldesa di que a persoa que elaborou o informe é un profesional do dereito vinculado á Universidade de Santiago de Compostela e sinala que considera grave a posibilidade de que se estea terxiversando o informe. Advirte da gravidade da acusación de terxiversación do informe, e destaca a importancia de buscar opinións ou consellos xurídicos de profesionais titulados non a do concelleiro.

A Sra. Monteagudo indica que non entende que se traia ao Pleno.

A Sra. González di que se fala da Lei 57/3 de decembro de modernización dos concellos, a cal establece as competencias que pode delegar o alcalde. Indica que o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, agás as de convocar e presidir as sesións do pleno, decidir empates no voto de calidade e concentrar operacións de crédito. Subliña que o resto das atribucións pode delegalas. Hai un comentario sobre a aparente falta de coñecemento desta información por parte do Sr. Lago, e menciona que hai un informe xurídico que apoia a resolución da alcaldesa. Remata dicindo que, aínda que a resolución pode non gustar, debe acatarse, e apunta que o prazo para responder non é preclusivo e pode contestar cando queira.

O Sr. Lago expresa a súa preocupación pola idea de que a administración poida contestar cando queira, indicando que isto pode representar un perigo grave. Sostén que a delegación de competencias non está clara, preguntando polo decreto no que se fai mención desta delegación e indicando que non se especifican os artigos da lei relacionados. Tamén menciona a falta de información sobre os decretos que se están asinando e a necesidade de que esta cuestión quede sobre a mesa.

A señora alcaldesa menciona que o concello conta cunha cantidade de persoal insuficiente a pesar de recibir moitos escritos do Sr. Lago. Sinaliza que os documentos, abarcan dende solicitudes surrealistas ata listas de todas as solicitudes feitas ao concello nos últimos 4 anos. Destaca a diversidade temática das solicitudes que el presenta e o tempo que leva procesar toda esa información, para poder responder ás demandas do Sr. Lago. Di que cre que vai ser a primeira persoa que vai acabar aburrindo á valedora do pobo. Indica que o Sr. Lago é faltón ata por escrito, infravalorado o traballo de todo o persoal do Concello e insultando ás funcións e capacidades do equipo de goberno. E a pesar de todo isto, estáselle respondendo en tempo e forma.

O Sr. Lago di que a alcaldesa está faltando á verdade, porque el necesita esa información, e el vén a facer propostas as veces que sexa, e que se faga todo o mellor posible. Fixo as propostas para que a alcaldesa soubese claramente por onde tiña que andar. E no mes de xaneiro anuncia que vai presentar 30 mocións.



A alcaldesa dálle as grazas ironicamente por intentar iluminar o camiño, sinalando que se sentían perdidos. E remataba cun exemplo sobre cambiar unha *bombilla*, deberían contestar por escrito?

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3); e coa abstención do grupo municipal popular (5); e cos votos en contra do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por maioría absoluta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar o recurso de reposición presentado por Manuel Secundino Lago Álvarez, representante do partido político Muros Centrado o día 31 de agosto de 2023 contra a dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros.

SEGUNDO. Notificar este acordo ao interesado.

SEXTO. Moción:

a) Moción presentada polo grupo municipal Popular do Concello de Muros para a inclusión de propostas no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) (Exp. núm.: 2023/X998/000032)

Intervén a alcaldesa que dá paso á Sra. Monteagudo para que explica a seguinte moción:

“O Grupo Municipal Popular do concello de Muros conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción.

A finais do exercicio a Deputación da Coruña publica as bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), tamén denominado POS+2024.

Habitualmente neste concello con este plan fináncianse obras de saneamento, mellora de camiños, infraestruturas municipais, etc.

Para o próximo exercicio 2024 este plan estará dotado cun importe de 438.927,82 euros correspondentes ás achegas 2023 e 2024 e con 70.632,06 euros correspondentes ao Pos+ Social. Sendo estas cantidades importantes, apenas superan en 10.000 euros ao Plan único do 2022, e incluso no caso do Pos social se baixa o seu importe respecto do ano pasado.

Son moitas as propostas que se poderían incluír neste financiamento, pero dado que existen proxectos realizados polo goberno anterior, propoñemos a súa inclusión neste convocatoria, a fin de optimizar recursos e minimizar tramitacións, en concreto propoñemos a inclusión dos seguintes:

Saneamento na Insuela, en Esteiro. Unha obra que ten proxecto e permisos, e moi necesaria ao tratarse dunha zona moi sensible ambientalmente e punto de control do marisqueo da zona.

Pluviais e saneamento na Ribeira do Maio, en Esteiro. Unha obra con proxecto e permisos, que pretende solucionar un grave problema de inundacións nos baixos e garaxes das edificacións desa zona, e facer unha primeira intervención no saneamento nesa zona.

Acondicionamento e mantemento do cemiterio municipal da Atalaia. A actual situación do cemiterio parroquial de San Pedro, fai aínda máis clamorosa a necesidade da intervención no cemiterio municipal. A mellora da accesibilidade, impermeabilización da cuberta do tanatorio, ampliación e acondicionamento das estruturas é unha actuación que non se pode demorar máis.

Alternativamente outras propostas serían as seguintes:

- *Renovación e mellora do alumeado no casco histórico de Muros.*
- *Completar a intervención prevista no Acoradoiro con Plan de sustentabilidade turística coa mellora do acceso á Xalfas.*
- *Mellora ambiental no piñeirial de San Francisco e beirarrúas.*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Aparcadoiro do pavillón de Miraflores.*

Por conseguinte, solicitamos do Pleno da Corporación se teñan como urxentes e prioritarias as seguintes obras:

- *Saneamento na Insuela, en Esteiro.*
- *Pluviais e saneamento na Ribeira do Maio, en Esteiro.*
- *Acondicionamento e mantemento do cemiterio municipal de A Atalaia.*

E alternativamente

- *Renovación e mellora do alumado no casco histórico de Muros.*
- *Completar a intervención prevista no Acoradoiro con Plan de sustentabilidade turística coa mellora do acceso á Xalfas.*
- *Mellora ambiental no piñeiral de San Francisco e beirarrúas.*
- *Aparcadoiro do pavillón de Miraflores.”*

A Sra. Monteagudo di que se teñen que dar os parabéns.

A señora alcaldesa di que na comisión informativa se declararon urxentes e prioritarias.

A Sra. González di que se acordou declaralas urxentes e prioritarias e non o de incluílas no POS.

A alcaldesa sinala que aceptar a moción tal e como estaba, obrigaría meter todas estas obras no POS e eles deciden con cargo a que orzamento, e só adquiriron o compromiso de facelas. Destaca a importancia de utilizar vías de financiamento alternativas para rematar as obras en prazos máis curtos, evitando extensións innecesarias, e recoñece a dificultade de obter financiamento externo, pero suxire priorizar aquelas máis urxentes e factibles de financiar.

A Sra. Monteagudo di que presentan estas propostas por motivos de eficacia e eficiencia xa que son proxectos elaborados, cos permisos tramitados, e probablemente aforren moito tempo, saben o que vai detrás; en calquera caso, consideran que son prioritarias e están dispostos a levalas a cabo, aínda que pareza unha pena que eses proxectos xa elaborados teñan que pasar por un proceso para que, posteriormente, estean listos.

A Sra. González sinala que non teñen ningunha inconveniente ao respecto destas obras; cren que son urxentes e prioritarias. E é necesario que quede claro para o Partido Popular que quen decide que obras se van realizar e cales non son o equipo de goberno.

O Sr. Lago sinala que se declaren urxentes e prioritarias.

A señora alcaldesa destaca a necesidade de acelerar proxectos de obras importantes utilizando fontes de financiamento alternativas. Menciona a dificultade para obter financiamento externo e avoga por aproveitar recursos propios. Ademais, expón unha postura crítica cara á xestión pasada e agarda que se cumpran os acordos para levar a cabo proxectos urxentes e prioritarios.

A Sra. Monteagudo sinala a importancia de levar a cabo obras, optimizando os recursos dispoñibles. Subliña a necesidade de aproveitar proxectos que sexan considerados esenciais, facendo referencia a unha obra actualmente en execución a que se votou en contra no seu momento. Enfatiza que o crucial é que os servizos se leven a cabo e que as obras contribúan a alcanzar os obxectivos que ten o POS e esperan que o cumpran.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5), do grupo municipal do BNG (4), do grupo municipal socialista (3); e do grupo mixto Muros Centrado (1), aproba por unanimidade o seguinte acordo:

Por conseguinte, solicitamos do Pleno da Corporación se teñan como **urxentes e prioritarias** as seguintes obras:

- Saneamento na Insuela, en Esteiro.
- Pluviais e saneamento na Ribeira do Maio, en Esteiro.
- Acondicionamento e mantemento do cemiterio municipal de A Atalaia.

E alternativamente:

- Renovación e mellora do alumeadado no casco histórico de Muros.
- Completar a intervención prevista no Acoradoiro con Plan de sustentabilidade turística coa mellora do acceso á Xalfas.
- Mellora ambiental no piñeiral de San Francisco e beirarrúas.
- Aparcadoiro do pavillón de Miraflores.

b) Moción presentada polo grupo municipal popular do Concello de Muros con motivo da interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de ordenación integrada do litoral, aprobada polo parlamento de Galicia (Exp. núm.: 2023/X998/000032)

Intervén a alcaldesa para dar paso á Sra. Monteagudo que explica a seguinte moción:

“O Grupo Municipal Popular do Concello de Muros conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o Executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa comunidade autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución Española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía recoñece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén recoñecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA litoral exerzan as súas lexítimas competencias.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Ademais, o TC tamén vén recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación do litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno Central non quixo sentarse coa Comunidade Autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o Grupo Popular considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas. Poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa. Así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven no noso litoral.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

O Concello de Muros amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto."

A Sra. González fala das diferenzas co Partido Popular sobre a xestión de bens marítimos, referíndose á Constitución Española. Critica a tentativa unilateral do grupo Popular de modificar leis sen ter en conta a Constitución. Desminte a idea de que outras comunidades autónomas modifican leis sen requisitos e destaca a competencia estatal sobre o mar territorial segundo a xurisprudencia. Suxire que a transferencia de competencias a nivel estatal sería máis áxil, pero fala da importancia de respectar a Constitución Española. Expresa a preocupación pola falta de cumprimento de garantías estatais por parte do goberno autonómico e avoga por regular as costas tendo en conta a identidade de cada rexión. A pesar das discrepancias de criterios, destaca o dereito a utilizar recursos constitucionais e argumenta que as discrepancias sobre a interpretación da Constitución deben resolverse nos tribunais. Remata dicindo que non o ve.

O Sr. Lago aborda a controversia sobre a presentación dun recurso contra unha lei de mellora costeira polo goberno autonómico. Argumenta que, segundo o estatuto de autonomía, a Xunta de Galicia ten competencias para aprobar unha lei do litoral, mencionando exemplos doutras comunidades autónomas con competencias semellantes.

A alcaldesa sinala que o BNG está en contra do recurso non porque sexa contrario ao dereito de presentar recursos, senón porque considera que antes de facelo debería convocar unha comisión bilateral para tratar o asunto. Ademais, critica os argumentos políticos e defende as competencias da Galiza na xestión das costas. Critica a presentación dun recurso contra unha lei de mellora costeira e argumenta que a lei nace "morta" debido ás súas propias disposicións. Menciona que a suspensión da lei por un recurso constitucional é relativa e non afecta ás competencias de ordenación nin ás do dominio público marítimo terrestre. Salienta que, aínda que se defende a transferencia de competencia Galicia, a lei presentada non resolve os problemas actuais e critica a falta de accións efectivas. Salienta a importancia de abordar a situación de maneira máis efectiva e respectuosa. E din no sesión que con esta tramitación se solucionarían os problemas



da veciñanza de Esteiro e non é certo, xa que a forma de tramitalo sería a mesma pero con competencia da Xunta.

A Sra. Monteagudo sinala que o que di son escusas.

A Sra. González critica a falta de acción da Xunta de Galicia en temas locais e expresa preocupación pola posible transferencia de competencias. Sinala a necesidade de seguir procedementos axeitados e suxire que o tema non sexa tratado neste pleno. Destaca a importancia de confiar na xustiza ante un recurso de inconstitucionalidade.

O Sr. Lago di que non se esperaba falar no pleno do Concello de Muros da problemática nacional.

A señora alcaldesa di que non modifica a ordenación do territorio do dominio público marítimo terrestre e a duración das concesións. Sinala que a lei galega non outorga novas competencias, xa que segue a ser competencia do estado. Critica a falta de solicitude de transferencias de competencias por parte da Xunta de Galicia e acúsase a algúns partidos de levar a cabo unha guerra política en lugar de abordar os problemas de maneira efectiva. Formula a necesidade de debater estes temas no Parlamento Estatal ou Galego.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1); e coa abstención do grupo municipal do BNG (4) e do grupo municipal socialista (3); aproba por maioría absoluta a seguinte acordo:

ÚNICO. O Concello de Muros amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.

c) Moción presentada por Muros Centrado sobre premio literario Marcelino García Lariño (Exp. núm.: 2023/Q001/000012)

Intervén a alcaldesa que dá paso ao Sr. Lago Álvarez para que explique a moción e el di que quere presentar unha emenda á seguinte moción.

A señora alcaldesa propón un receso que comeza ás 2:03:01 e remata ás 2:13:39.

“Fundamentos da petición:

PRIMEIRO. A figura de Don Marcelino García Lariño, ilustre e egrexio muradán, coñecido de todos e todas por Marcelo da Rabela, sigue estando no sentir e vivir das xentes de Muros. Este sentir non só é da agora, que xa non está con nós. En vida, no ano 2011, foi recoñecido polo noso Concello coa súa medalla de ouro, con nobres verbas:

- *Por ter impulsado e participado de maneira brillante en canta actividade cultural fora desenvolvida a prol do noso municipio. Polo seu labor desinteresado e incondicional de animador, cronista e albásea do acervo común.*
- *Polas súas achegas etnolóxicas e etnográficas revitalizadoras da nosa toponimia.*
- *Por ser memoria viva do anecdotario vilego con máis de oitenta anos ás costas.*
- *Pola súa meritoria obra lírica, humorística e narrativa coñecida a través dos títulos publicados e de unha abondosa obra aínda inédita. Que toca sempre a fibra máis sensible da muradanía coa variña máxica da palabra precisa.*
- *Por ser unha persoa de acervo transversal a quen uns e outros respectamos, apreciamos, escoitamos e queremos. Por ter acreditado ao longo da súa vida adulta un indiscutible e acendrado amor a Muros e ao*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

seu entorno. Porque certamente o merece. E porque coa súa honra engrandecemos ao concello, que desta maneira queda tamén honrado.

Certo e certo, este fermoso recoñecemento, honrando os seus andares como muradán, pero o noso Concello ten que ir máis alá, para que as xeracións presentes e futuras coñezan deste egrexio muradán, para que o seu andar e sentir non sexa esquecido por ninguén.

Por isto, propoño ao Pleno da Corporación Municipal do noso Concello, se procede, a creación dun premio literario que leve o seu nome, e sexa convocado anualmente, e que sirva para que propios e alleos lembremos a figura excepcional do "Nosos Marcelo"; o Marcelo de todos e muradán sempre. Para aixeirar a carga administrativa, permítome incluír a esta proposta, un modelo de bases de convocatoria do premio literario: un modelo de bases do certame, e aberto a cantas modificacións sexan necesarias."

EMENDA

"E que se faculte á presidencia da corporación para que nomee unha comisión especial para que elabore as bases e que a comisión propoña á Alcaldía un programa de actos que sexa exposicións, roteiros contacontos... para poñer en valor a figura de Marcelo."

A Sra. Monteagudo sinala que debería facerse un certame escolar e ir pouco a pouco ampliando. E dentro da emenda podía ser que na comisión debería estar presentes todos os grupos.

A Sra. González parécelle moi didáctico o que indicou a voceira do grupo popular.

A señora alcaldesa sorpréndelle que na comisión informativa o Sr. Lago rexeitou a idea de crear unha comisión de traballo. E se el quere pódese deixar sobre a mesa e tratar no próximo pleno.

O Sr. Lago di que a emenda era coa idea de recoller o que dixo da alcaldesa.

A señora alcaldesa di que toda a moción está facultada ás súas competencias, proponlle deixar a moción sen emenda. Sinala que o Sr. Lago deixou moi claro que quere un premio literario e coa moción só xa ten o premio.

A alcaldesa cédelle a palabra á Sra. Leis Cambeiro que sinala que se queren que participe o alumnado, non teñen porque ter unhas bases.

A alcaldesa indica que a figura de Marcelo ten unha exposición permanente en Sel. E con respecto á moción sobre a creación dun premio literario na que participen rapaces de 8 anos no concurso, expresa a súa preocupación pola falta de coñecemento por parte dos rapaces.

A Sra. Monteagudo di que crear un premio co seu nome, non significa que se dea a coñecer a figura de Marcelo.

A señora alcaldesa volve a propor que se deixe a moción sobre a mesa e que opine a familia.

O Sr. Lago indica que retira a moción.

A alcaldesa asume o compromiso de convocar unha xunta de voceiros.

E. MOCIÓN DE URXENCIA

Non se presentan.

F. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO



SÉTIMO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 925/2023 do 2 de outubro de 2023 ata o núm. 1040/2023 do 31 de outubro de 2023, e das XGL núm. 18 do 4 outubro de 2023 e da núm. 19 do 18 outubro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

OITAVO. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas do pleno anterior do Partido Popular:

A señora alcaldesa di que a Sra. Monteagudo preguntou sobre a contratación dun socorrista para a piscina municipal, e se vai ser a forma de contratación habitual, ao que a señora alcaldesa responde que se levará a cabo a que o grupo de goberno mellor considere dentro da legalidade.

Preguntou sobre o anuncio dos obradoiros culturais do 30 de outubro, e a señora alcaldesa sinala que rematou o prazo de solicitudes, contratáronse e empezaron os obradoiros.

A Sra. Monteagudo di que preguntaba por que fora todo no mesmo día.

Preguntou pola retirada de cascallos da capela de San Pedro, e a señora alcaldesa sinala que quere completala, e di que se viron na obriga de abrir unha orde de execución para que se abra a rúa.

Preguntou se van rozar algo, e a señora alcaldesa di que xa se rozaron e seguirán rozando66, e que só contan con dous peóns forestais, e que nos últimos orzamentos aprobados, elimináronse catro prazas. E é curioso que o tractor da Xunta foi reclamado un mes despois de que eles entraran no goberno. E indica que o solicitaron de novo, e a ver se esta vez a Xunta llo presta.

Rogos e preguntas para este pleno do Partido Popular:

A Sra. Monteagudo pregunta que pasa coas obras da capela de San Pedro xa que a alcaldesa dixo que xa se lle permitiu ao promotor, e a señora alcaldesa sinala que a obra que solicitou non cumpre coa totalidade de cousas que teñen que facer.

A Sra. Monteagudo que pediron documentación da contratación dun servizo de monitor socorrista que non se lle entregou, polo que entenden que non existe. Di que están ante un posible caso de nulidade da contratación e fala de incompatibilidades nas adxudicacións.

A Sra. Monteagudo di que se convoque as axudas a ANPAS, a clubs e a deportistas.

A señora alcaldesa afirma que non se convocaron neste 2023 porque o equipo de goberno anterior non deixou diñeiro na bolsa para poder convocalas.

A Sra. Monteagudo pregunta quen organizou o acto de colocación dunha bandeira no parque e se tiñan permiso e con que medios, a señora alcaldesa di que lle contestará no seguinte pleno.

Pregunta se fixeron unha enquisa de satisfacción da campaña da semana pasada, o seu custo, cal foi a repercusión para o comercio, como se convocou a mesa local de comercio e se se convidou ás asociacións, a señora alcaldesa dixo que antes de comezar fíxose unha enquisa entre o comercio e sinala que polo momento non teñen datos económicos e que se chamou un por un a todos os comercios.

Roga que se lle dea acceso a un local a un grupo de nais de Esteiro.

Nun decreto contrátase a unha persoa para cubrir ás persoas de limpeza de rúas.

Rogan que revisen as pedras da rúa Ancha.

Di que é a primeira vez que polo 25 de novembro é unha pena que non fose convidade a metade da corporación, a señora alcaldesa sinala que recoñecen o seu erro, e tiñan que ter enviado convite a cada un dos grupos municipais.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Rogos e pregunta para este pleno de Muros Centrado:

O Sr. Lago roga que con respecto aos decretos que poña a data na que se presenta a solicitude.

Pregunta sobre un informe que fala dun edificio, e a señora alcaldesa di que todo o que se constrúa aí ten que ser para construír un edificio de equipamento comunitario.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, e de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

Documento asinado electronicamente.